

## ANEXO I

### HERODES/HERODÍAS

#### A VOZ DE IOKANAAN

Estará sentado no seu trono vestido de púrpura e escarlata. Levará na man un vaso de ouro cheo das súas blasfemias. E así hao de fulminar o anxo do Señor. E hano de comer os vermes.

#### HERODÍAS

Oes o que di de ti? Que te van comer os vermes.

#### HERODES

Non fala de min. Contra min nunca di nada. Fala do rei de Capadocia, porque o rei de Capadocia é o meu inimigo. A el si que o han de comer os vermes. Non a min. O profeta nunca dixo nada contra min, só que fixen mal casando coa muller do meu irmán. Niso pode ter razón. Porque como ti es estéril...

#### HERODÍAS

Son estéril, eu! E dilo ti. Ti que non paras de mirar para a miña filla. Ti que querías facela bailar para o teu pracer. Non sexas ridículo. Eu xa tiven unha filla e ti non. Nin sequera dunha das túas escravas. Ti si que es estéril, non eu.

#### HERODES

Cala. Eu digo que es estéril. Ti non me deches fillos. E o profeta di que o noso casamento non é un verdadeiro casamento. Di que é un casamento incestuoso, un casamento que traerá desgrazas. E eu temo que teña razón. Estou seguro de que ten razón. Mais non é momento para falarmos desas cousas. Arestora eu quero ser feliz. De feito, xa o son. Son moi feliz. Nada me falta.

#### HERODÍAS

Vaites! Pois alégrome da túa felicidade. Non é o habitual. Mais xa é tarde. Entremos. Non esquezas que ao abrir o día sairemos todos de caza. O embaixador de César merece todos os honores, non é verdade?

#### HERODES

Salomé, Salomé, baila para min. Por favor, baila para min. Esta noite estou triste. Si, estou moi triste esta noite. Esbarei no sangue cando entrei, e ese é un mal agoiro. E sentín un bater de ás no ar. Estou seguro de que o sentín. Un bater de ás xigantescas. Non sei o que iso quererá dicir. Estou triste esta noite. Por que non bailas para min? Baila para min, Salomé, suplicócho. Se bailas para min pódeme pedir o que queiras que eu heicho de dar. Si, baila para min, Salomé, e heiche de dar todo o que me pidas, mesmo a metade do meu reino.

#### HERODÍAS

[rindo] Xa ves como te obedece!

#### HERODES

Tanto me ten que baile ou non. Non me importa nada. Esta noite estou feliz. Estou moi feliz. Nunca estiven tan feliz. E como non hei de estar? César, que é o dono do mundo, que é o dono de todo, quere-me ben, éncheme de agasallos. Ademais, prometeume chamar a Roma ao rei de Capadocia, que é o meu inimigo. Oxalá o crucifique. César pode facer o que queira. Para algo é o amo. Así que, xa vedes, teño razóns abondas para estar feliz. Non hai nada no mundo que poida estragar a miña ledicia.